

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE CARBALLO REFERENTE Ó PLAN DE CONCIENCIACIÓN CIDADÁ COA RECOLLIDA DE DEXECCIÓNS DAS MASCOTAS NA VÍA PÚBLICA E PARQUES.

O Grupo Municipal Popular no Concello de Carballo, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal a seguinte Moción:

PLAN DE CONCIENCIACIÓN CIDADÁ COA RECOLLIDA DE DEXECCIÓNS DAS MASCOTAS NA VÍA PÚBLICA E PARQUES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As nosas mascotas ofrecen, tanto ás persoas como á sociedade, importantes beneficios de moi diversa índole: afectivos, psicolóxicos, terapéuticos, deportivos e sociais. Con todo, debemos ser conscientes de que ás veces se producen enfermidades infecciosas dende estes animais aos seres humanos.

A presenza de excrementos de animais domésticos (maioritariamente cans) nos espazos públicos supón un grave problema practicamente en todos os municipios e cidades.

Os problemas das mascotas na vía pública crean moitos inconvenientes dos que principalmente se podería destacar:

1. Saúde pública: relacionado coas enfermidades que poden transmitir polas feces, tanto a outras especies animais como ao home.
2. Hixiene pública: relacionado coa sucidade ambiental e o mal cheiro que crean as feces nas rúas e os parques.
3. Problemas estéticos e turísticos: polo impacto visual e de percepción de hixiene dos municipios, que pode percibir o visitante, que pode causar un descenso do turismo e polo tanto un impacto na economía local.

Obviamente a gravidade do problema vén pola insolidariedade e falta de civismo e consideración cara ao mantemento dos espazos públicos por parte do propietario que non recolle as feces das súas mascotas, polo que se trata dun problema social. E faise necesaria unha campaña de sensibilización e de concienciación do problema por parte dos donos das mascotas, para demostrarlles as consecuencias dos seus actos pola falta de empatía coa sociedade que lles rodea.

Moitos Concellos tentan de diferentes maneiras poñer freo e control a esta situación con diferentes opcións como son:

- Concienciación cidadá: promover campañas informativas sobre o tema á cidadanía en xeral, especialmente nos colexios para concienciar desde pequenos, e nos veterinarios locais.

- Sancións: Na nosa “ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene” no Título 3, Capítulo II, Sección Segunda, Artigo 82, punto 2 e 3 especifícase:

2. Queda absolutamente prohibido que os propietarios ou posuidores de cans deixen as deposicións dos seus animais en parques infantís ou xardíns de uso frecuente por parte dos menos, así coma nas beirarrúas e zonas de paso de peís en xeral, en toda a vía pública.

3. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios ou posuidores dos cans e colocaranse de maneira hixienicamente aceptable nos colectores de recollida de lixo nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para o devandito efecto. Queda prohibido depositalos en papeleiras públicas o unas entradas das cloacas da rede de sumidoiros.

O incumprimento de ditos puntos, considérase na devandita ordenanza unha infracción grave, con sanción de 250 €. Non podemos obviar a dificultade que conleva o control exhaustivo por parte dos axentes da Policía Local neste senso, o que non os exime de aplicar e facer cumprir a ordenanza municipal.

- O anunciado parque canino do San Martiño de Carballo segue sen chegar, e consideramos que estas zonas de esparcemento para as mascotas son necesarias para que podan permanecer soltas sen risco de sancións e sen perturbar ao resto da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Levar a cabo campañas de concienciación cidadá en todos os medios de comunicación locais, sobre a recollida das dexestións das mascotas (maioritariamente cans). Facendo extensibles ditas campañas aos colexios do municipio e clínicas veterinarias locais.
2. Reforzar o control por parte da Policía Local co fin de facer cumprir a ordenanza e informar sobre os puntos relacionados coa tenencia de

animais domésticos na “ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene”

3. Creación dunha brigada cívica, coa participación de voluntarios das asociacións caninas do municipio, persoal de limpeza viaria e/ou persoal da bolsa de emprego municipal, para concienciar do problema ós propietarios dos animais nas rúas.
4. Creación de parques caninos en determinadas zonas verdes do municipio nas que as mascotas podan permanecer soltas sen risco de sancións e sen perturbar ao resto da cidadanía.

Carballo a 19 de febreiro de 2020.

Paula Nogueira Costa

Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo.